



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO 2018-2020.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

O turismo é unha das principais actividades económicas e de maior capacidade de desenvolvemento de Galicia, representando o 11% do PIB e o 12% do emprego no ano 2017.

Vigo precisa terciarizar a súa economía, aínda industrial maioritariamente, co incremento da explotación turística sostible dos seus salientables recursos naturais e culturais: as Illas Cíes de Vigo, son a xoia do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia que foron visitadas en 2016 por 400.000 persoas, cifra histórica nunca antes alcanzada. Cíes rexistra nos meses de xullo, agosto e setembro a cifra récord de 213.690 visitas o que supón un 78% das visitas anuais. No ano 2017 as illas Cíes superan as 273.000 visitas, no total do parque as visitas ascenden a 400.465.

Este atractivo verase reforzado coa próxima candidatura a Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

A cultura e ocio urbanos propios de Vigo atraen a un crecente turismo urbano. Aínda que hai apenas unha década non se concibía Vigo como destino turístico. En 2016 foi catalogado como zona de grande afluencia turística mediante a Resolución 15 de xullo de 2016 ao rexistraren 623.578 pernoctas no ano 2015. No ano 2017 computáronse 421.193 visitantes na cidade viguesa, o que supón un incremento do 15,31%. As pernoctas no ano 2017 elevaronse a 816.739 o que supón un incremento do 12,16% respecto ao ano pasado (*Fuente INE*)

A Concellería de Turismo, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade de Vigo.

A promoción turística a través de soportes publicitarios propios das aerolíneas tense amosado como moi eficiente, segundo a experiencia municipal de xestión dos últimos





anos. A poboación que viaxa con fins turísticos usa maioritariamente en todo o mundo o avión, polo que a publicidade de destino inserida nas aeronaves, nas revistas de a bordo ou flyers e os anuncios ou caracterización dos destinos nas páxinas web das distintas compañías garanten a presenza do destino Vigo entre a poboación a que se dirixe a promoción turística mundial. Os espazos publicitarios nos propios equipamentos aéreos teñen unha operatividade intensiva, xa que dificilmente un avión deixa de usarse e múltiples impactos da publicidade o rodea durante as horas de viaxe.

Doutra banda, para o desenvolvemento dun destino turístico, as comunicacións e especialmente a conectividade aérea directa, son pezas clave. O incremento das frecuencias e rutas nacionais e internacionais en Peinador ten favorecido o turismo en Vigo e en todas as Rías Baixas, coadxuvando á súa desestacionalización e a do emprego. Durante o ano 2013 o número de pasaxeiros do aeroporto de Vigo ascende a 678.711, no ano 2017 este número de pasaxeiros no aeroporto, incrementouse ata 1.065.595, o que implica un aumento do 57%. En base a estes datos podemos xustificar a efectividade da promoción turística da cidade de Vigo nos mercados turísticos nacionais e internacionais a través de compañías aéreas.

En base a estes antecedentes e de acordo a orden de inicio da Concelleira delegada de Turismo de data 10 de maio de 2018, procede dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo da técnica que subscribe o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

1.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O contrato terá por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo en mercados turísticos nacionais e internacionais, co obxectivo de atraer turistas procedentes destes mercados, a través de:

- O establecemento de conectividade aérea directa nacional e internacional coa cidade de Vigo.
- O desenvolvemento de accións de promoción turística.

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

1.2.- XUSTIFICACIÓN DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Este Servizo de Turismo non dispón dos medios humanos e materiais necesarios para abordar o desenvolvemento da actuación prevista para este contrato, dada a especificidade e as esixencias técnicas e de dispoñibilidade material vinculadas co desenvolvemento da mesma.





2.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da LCSP.

O contrato enmárcase no artigo 25 da Ley 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público como contrato administrativo especial por satisfacer de forma directa o inmediata unha finalidade pública da específica competencia municipal recollida no artigo 25.2h) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de Bases do Réxime Local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2n) da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá competencias relativas a turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia no seu artigo 5 dispón que corresponde aos Concellos.

Este é un contrato de promoción turística vinculado a distintas operacións aéreas no que se leva a cabo non só a promoción en soportes físicos no interior e exterior da aeronave senón tamén de promoción a través de publicacións e incluso en medios online, todo isto conleva a creación dunha campaña creativa. Non persegue un resultado concreto, sino múltiples, tales como, o incremento de turistas na cidade de Vigo, o incremento da pasaxe no aeroporto de Peinador, a promoción turística para a difusión da marca Vigo, a desestacionalización da oferta turística, así como contribuír á difusión e apoio á candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.

3.- NON DIVISIÓN EN LOTES

Dada a diversa natureza das prestacións obxecto do contrato que abarcan diferentes sectores de promoción turística tanto off-line como on-line, non resulta posible a división do seu obxecto en lotes.

4.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

En cumprimento do artigo 102 do Ley 9/2017 de 8 de novembro Contratos do Sector Público, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinase en base a referencias de prezos de accións de promoción de similares características con compañías aéreas, realizadas polo Concello de Vigo en anos anteriores para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos con medidas de apoio á actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos de Vigo.

Importe total do contrato: 3.364.908,40€

Importe total do contrato sen IVE: 2.780.916,03€

IVE:583.992,37€

O valor estimado do contrato estipúlase en 2.780.916,03€.

Procedemento base de licitación sen IVE por tratarse dun contrato que non prevé modificacións nin prórrogas.

Trátase dun contrato de carácter plurianual, e tendo en conta que o importe do contrato establecece a distribución das anualidades corresponderase coa seguinte proposta aplicándose aos créditos incluídos na aplicación orzamentaria: 4320.2279901 e bolsa de vinculación.



Servizo de Turismo
Expte.- 7087-104

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



Importes anuais do contrato

- Ano 2018: 483.557,03€. sen IVE (585.104,00€ incluído IVE)
- Ano 2019: 1.156.116,28€ sen IVE (1.398.900,70€ incluído IVE)
- Ano 2020: 1.141.242,73€ sen IVE (1.380.903,70€ incluído IVE)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2018 12:58

Páxina 4 de 16

Expediente 7087/104

CSV: 26E941-DCDEBD-BH3AB1-G1RHGF-JZP2TF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Estimación precios de mercado:2018

Basado en certificaciones y memorias de ejecución aportadas en
contratos realizados por el Concello de Vigo con varias compañías aéreas

PINTURA EN EXTERIOR DE AERONAVES: 1 de mayo a 31 de diciembre 2018

Meses Vinilado	Nº Aviones	Precio Avo/mes	
8	1	14.787,00	118.296,00

INTERIORES / octubre 2018

Acción promocional	Nº Vuelos*	Precio / Vuelo	Precio Total
Voces	18.000	6,40	115.200,00
TOTAL			115.200,00

REVISTA / junio 2018

Acción promocional	Nº	Precio unidad	Precio Total
Artículo: junio 2018	1	20.000,00	20.000,00
Reparto material promocional	20.000	12,40	248.000,00
TOTAL			268.000,00

ON LINE/

Acción promocional	Nº	Precio web	Precio Total
Enlace web: mayo18 a diciembre18	8	3.200,00	25.600,00
Redes sociales	2	500,00	1.000,00
Newsletter	100.000	0,25	25.000,00
Banner	6	4.500,00	27.000,00
Rueda de prensa	1	2.200,00	2.200,00
Street marketing	1	1.700,00	1.700,00
Sorteo en medios	1	1.108,00	1.108,00
TOTAL			83.608,00

TOTAL 585.104,00

2018 sin iva

483.557,03





Estimación de precios de mercado:2019

Basada en certificaciones y memorias de ejecución aportadas en contratos

realizados por el Concello de Vigo con distintas compañías aéreas

PINTURA EN EXTERIOR DE AERONAVES: 1 de enero 2019 a 31 de diciembre 2019

Meses vinilado	Nº Aviones	Precio Avo/mes	
12	1	14.787,00	177.444,00

INTERIORES / octubre 2019

Acción promocional	Nº Vuelos*	Precio / Vuelo	Precio Total
Mayordomía	6.433	36,00	231.588,00
Soportes dentro del avión	6.433	36,00	231.588,00
Racks/maleteros	6.433	33,10	212.932,30
Voces	6.433	6,40	41.171,20
Reparto material promo	6.433	12,40	79.769,20
TOTAL			797.048,70

REVISTA / junio 2019

Acción promocional	Nº	Precio unidad	Precio Total
Artículo: junio 2019	2	20.000,00	40.000,00
Portada	1	10.000,00	10.000,00
Reparto material promocional	20.000	12,40	248.000,00
TOTAL			298.000,00

ON LINE/ OFFLINE

Acción promocional	Nº	Precio web	Precio Total
Enlace web: enero19 a diciembre19	12	3.200,00	38.400,00
Redes sociales	2	500,00	1.000,00
Newsletter	100.000	0,25	25.000,00
Banner	12	4.500,00	54.000,00
Ruedas de prensa	1	2.200,00	2.200,00
Presstrip	1	3.000,00	3.000,00
Streer marketing	1	1.700,00	1.700,00
Sorteo en medios	1	1.108,00	1.108,00
TOTAL			126.408,00

TOTAL 1.398.900,70

campaña sin IVA 1.156.116,28





Estimación de precios 2020

Basada en certificaciones y memorias de ejecución aportadas en contratos realizados por el Concello de Vigo con distintas compañías aéreas.

PINTURA EN EXTERIOR DE AERONAVES: 1 de enero 2020 a 31 de diciembre 2020

Meses Vinilado	Nº Aviones	Precio Avo/mes	
12	1	14.787,00	177.444,00

INTERIORES / octubre 2020

Acción promocional	Nº Vuelos*	Precio / Vuelo	Precio Total
Mayordomía	6.433	36,00	231.588,00
Soportes dentro del avión	6.433	36,00	231.588,00
Racks/maleteros	6.433	34,00	218.722,00
Voces	6.433	7,90	50.820,70
TOTAL			732.718,70

REVISTA / mayo y octubre 2020

Acción promocional	Nº	Precio unidad	Precio Total
Artículo: mayo y octubre 2020	2	22.000,00	44.000,00
Portada	1	12.000,00	12.000,00
Reparto material promocional	20.000	13,00	260.000,00
TOTAL			316.000,00

ON LINE/ OFFLINE

Acción promocional	Nº	Precio web	Precio Total
Enlace web: enero a dic. 2020	12	3.500,00	42.000,00
Redes sociales	2	515,50	1.031,00
Newsletter	100.000	0,30	30.000,00
Banner	12	4.900,00	58.800,00
Rueda de prensa	1	2.910,00	2.910,00
Bolsa de billetes	100	200,00	20.000,00
TOTAL			154.741,00

TOTAL 1.380.903,70

campaña sin IVA 1.141.242,73





A estimación do prezo deste contrato faise en base a distintas certificacións e memorias xustificativas aportadas por compañías aéreas que tiveron contratos de promoción turística nos que se prestaban estes soportes de promoción e outras compañías que na actualidade seguen levando a cabo este tipo de actuacións.

4.1.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas competencias propias en materia de promoción Turística, e de forma específica na propia memoria xustificativa da necesidade e idoneidade asinada polo Técnico de Turismo de data 10 de maio de 2018

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

5.- VALOR ESTIMADO Y XUSTIFICADO DO MÉTODO DE CÁLCULO

Dado que neste procedemento as modificacións previstas non afectan ao prezo do contrato, e non esta prevista prórroga do mesmo, no cálculo do valor se detrouxo do presuposto base de licitación a cantidade correspondente ao IVE, sendo dito importe 2.780.916,03€

6.- PRAZO DE EXECUCIÓN

A data prevista para o inicio do contrato é o 1 de xullo de 2018 e finalizará o 31 de decembro de 2020.

O prazo de execución do contrato será de 30 meses.

Ao tratarse dunha actuación para a promoción turística, fixar un prazo medio nos permite analizar a súa efectividade e resulta suficiente para valorar o aumento do turismo estranxeiro. Un prazo máis longo desvirtuaría o obxectivo perseguido no caso de que os resultados da promoción non foran os esperados.

Non procede prórroga.





7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS MESMOS

7.1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos seguintes criterios:

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valoraranse con ata 30 puntos

Plan de organización das accións de promoción: se valorará con ata 30 puntos

O Plan de organización das accións de promoción deberá conter as especificacións previstas na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas.

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes **apartados**:

Calidade, orixinalidade e impacto das accións de promoción propostas: valorarase con ata 14 puntos

Planificación e organización das accións a realizar, cronograma de execución das mesmas e incremento das accións sobre os mínimos esixidos na cláusula 3 do PPT: valorarase con ata 14 puntos

Sistema de seguimento e coordinación das accións de promoción: valorarase con ata 2 puntos

Dita memoria deberá ser desenvolta co suficiente grado de detalle tanto técnico como gráfico, co obxecto de poder ser valorada a calidade técnica das accións de promoción presentadas, así como a súa adecuación ao obxectivo final da campaña.

B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1) Número total de prazas ofertadas anuais con conexión directa: valorarase con ata 50 puntos

Non se terán en conta o número de prazas ofertadas de operacións que xa estean comercializadas no momento de inicio da licitación.

Só se computan as prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo.

Neste apartado fíxase o número mínimo de prazas ofertadas para poder aplicar ás fórmulas escollidas para a súa valoración.

Estes umbrais mínimos establécense para poder garantir a eficacia da campaña de promoción de Vigo a través dos distintos soportes publicitarios propios de cada





aeroleña así como a mellora considerable da conectividade aérea directa que son obxecto neste contrato.

A puntuación distribuirase nos seguintes **apartados**:

1.- Número de prazas ofertadas (NPO) nas frecuencias aéreas con Londres para o ano 2018: valorarase con ata 6 puntos

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

Entre 1.000 e 1.999 prazas: 2 puntos

2.000 prazas ou máis: 6 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 2 puntos será excluído da licitación.

2.- Número de prazas ofertadas (NPO) na frecuencia aérea con París para o ano 2018: valorarase con ata 6 puntos

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

Entre 1.000 e 1.999 prazas: 2 puntos

2.000 prazas ou máis: 6 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 2 puntos será excluído da licitación.

3.- Número de prazas ofertadas (NPO) na frecuencia aérea con París para os anos 2019 e 2020: valorarase con ata 11 puntos, correspondendo 5,5 puntos a cada unha das anualidades

A puntuación distribuirase do seguinte xeito para cada unha das anualidades:

Entre 5.000 e 9.299 prazas: 2 puntos

9.300 prazas ou máis: 5,5 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 2 puntos en algunha das anualidades será excluído da licitación.

4.- Número de prazas ofertadas (NPO) na frecuencia aérea con Sevilla para os anos 2019 e 2020: valorarase con ata 11 puntos, correspondendo 5,5 puntos a cada unha das anualidades





A puntuación distribuirase do seguinte xeito para cada unha das anualidades:

Entre 2.000 e 4.399 prazas: 2 puntos

4.400 prazas ou máis: 5,5 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 2 puntos en algunha das anualidades será excluído da licitación.

5.- Número de prazas ofertadas (NPO) na frecuencia aérea con Valencia para o ano 2018: valorarase con ata 5 puntos

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

Entre 3.000 e 4.699 prazas: 2 puntos

4.700 prazas ou mais: 5 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 2 puntos será excluído da licitación.

6.- Número de prazas ofertadas (NPO) na frecuencia aérea con Valencia para os anos 2019 e 2020: valorarase con ata 11 puntos, correspondendo 5,5 puntos a cada unha das anualidades.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito para cada unha das anualidades:

Entre 10.000 e 13.599 prazas: 2 puntos

13.600 prazas ou mais: 5,5 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 2 puntos en algunha das anualidades será excluído da licitación.

2) Redución do prezo de licitación: se valorará con ata 20 puntos

Para valorar este criterio aplicaranse as seguintes fórmulas:

a) Para valorar baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,8 \cdot Be < Bi \leq Be$ aplicarase a seguinte fórmula:

$$Bi - (0,8 \cdot Be)$$





$$Pe = 18,5 + 1,5 * \left(\frac{\text{-----}}{0,2 * Be} \right)$$

b) Para valorar baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$ aplicarase a seguinte fórmula:

$$Pe = 15,5 + 3 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

c) Para valorar baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$ aplicarase a seguinte fórmula:

$$Pe = 15,5 * \left(\frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

Pe = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 20,00 puntos.

Bi = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

As fórmulas escollidas son adecuadas por canto son proporcionais e foron utilizadas de forma frecuente, foron contrastadas e contan co visto e praxe do Servizo de Intervención.

Estas fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento so exista un licitador admitido. En este caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

Na aplicación das fórmulas so se terán en conta dous decimais.

7.2.- Os eventuais **empates** resolveranse:

En primeiro lugar, a favor da oferta que inclúa un maior número de prazas totais no conxunto das anualidades do contrato.

En segundo lugar, resolverase a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

De persistir o empate se efectuará un sorteo.

8.- VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS





Dada a natureza das prestacións obxecto deste contrato, non se considerará que o prezo ofertado conteña valores anormais ou desproporcionados

9.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede pola natureza do contrato.

10.- PRAZO DE GARANTÍA

Pola natureza das prestacións obxecto deste contrato, non procede establecer prazo de garantía.

11.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA:

Escollen dous dos medios previstos nos artigos 87 e 91 da Ley 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Solvencia económica e financeira:

- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o negocio obxecto do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

12.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:





12.1.- Aspectos a modificar: Dentro dos mercados turísticos vencellados ca área mediterránea peninsular e insular, poderá ser modificado o destino obxecto da promoción turística.

12.2.-Circunstancias que determinan a modificación: Circunstancias determinadas por causas alleas ao contratista e xustificadas adecuadamente que determinen a conveniencia da substitución dalgún dos destinos inicial obxecto da promoción turística; unha ocupación media mensual (load factor) inferior ao 50 % durante tres meses consecutivos ou, que xurdan novas oportunidades de promoción de Vigo como destino no mercado turístico mediterráneo peninsular ou insular obxecto da licitación que non foran ofertados inicialmente.

Existencia de factores que lastren de xeito directo a competitividade e promoción de Vigo como destino como son a apertura de rutas en competencia directa coas orixes en calquera dos aeroportos de Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

12.3.- Limite da modificación: Establecese como límite que a mesma non supoña un cambio en mais do 40 % do número de prazas dos destinos ofertadas sen que supoña un incremento no prezo.

13.- FACTURACIÓN:

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter trimestral.

A forma de pago será a seguinte:

- Ano 2018: cun orzamento máximo de 585.104,00€ incluído IVE, trala presentación da memoria xustificativa das actuacións de promoción e operacións aéreas do correspondente trimestre.
- Anos 2019 e 2020: cun orzamento máximo de 1.398.900,70€ incluído IVE o ano 2019 e 1.380.903,70€ incluído IVE o ano 2020, tras a presentación da memoria xustificativa das actuacións de promoción e operacións aéreas do correspondente trimestre.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000664 TURISMO
- OFICINACONTABLE:GE0000575SERVIZOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO





14.- RESPONSABLE DO CONTRATO

A técnica do servizo de Turismo.

15.- SUBCONTRATACIÓN

Non se reservan tarefas críticas ao contratista principal.

16.- LUGAR DE ENTREGA

O lugar de entrega das prestacións serán os previstos na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas.

17.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “*será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte*”, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

1. A inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego.
2. A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.
3. O respecto do contratista aos dereitos laborais básicos ao longo de toda a cadea de produción, cando para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento.

As tres condicións especiais de execución veñen recollidas no artigo 202.2 da LCSP e esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular



Servizo de Turismo
Expte.- 7087-104

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

Vigo, a data da sinatura dixital.
A Técnica de Turismo
Asdo: Fátima Dueñas Corchero

Conforme
A Concelleira delegada da Área de Festa e Turismo
Asdo. Ana Laura Iglesias González

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2018 12:58	Páxina 16 de 16
	Expediente 7087/104	CSV: 26E941-DCDEBD-BH3AB1-G1RHGF-JZP2TF-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		